

ESCOLA DA VIDA

Está a protección de menores en crise?

25.07.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A protección de menores é unha forma de atención social que se perde na noite dos tempos. No caso da romana, foi o emperador Trajano quen introduciu a figura das institucións alimentarias, consistente en proporcionarlles medios de subsistencia aos nenos e mozos abandonados co fin de evitar tanto a súa morte como que tivesen que recorrer a comportamentos delituosos derivados da súa loita pola súa supervivencia.

Ao longo dos séculos posteriores, a protección infantil foi incorporando novas fórmulas como os orfanatos (desde 787), o Pai de Orfos (desde 1338) ou diversos tipos de escolas para pobres e abandonados. Tamén os apoiaron con leis, aínda que de pouco lles serviron porque as autoridades non as aplicaron eficazmente.

Xa no século XX, algúns autores do Dereito, as Ciencias Sociais e as Médicas intercederon por eles ata lograr que non só os asilasen, senón que tanto o Estado coma os cidadáns traballasen en prol dos seus dereitos. A culminación destes esforzos foi a proclamación da Convención Internacional dos Dereitos do Neno (1989).

Como se pode facilmente deducir, a lexislación e os actuais métodos de protección, sobre todo en España, son de implantación moi recente. E como en todo o novo, tamén aquí se incorreu en erros. Aínda que iso non nos ten que facer esquecer o que se fixo ben.

É evidente que moitos datos que se publican sobre o maltrato infantil son escandalosos por irrealis, xa que moitas veces se mesturan os casos leves cos graves; que faltan profesionais cualificados, pero isto é debido, maiormente, a que esta é unha área moi complexa e na que se están licenciando as primeiras xeracións de pedagogos, psicólogos ou educadores competentes nestes temas; que falta moito por avanzar nas políticas preventivas; ? Pero como na evolución de calquera área, prosperar supón corrixir o que se fixo mal e mellorar o que xa está ben. E isto confirmase cun só dato: no ano 1989 había 1.736 menores internados en centros de acollida en Galicia e hoxe só están en torno a 700. Iso di bastante sobre o adiantado neste ámbito grazas a medidas como os acollementos familiares, as adopcións especiais, a atención de día ou os educadores familiares. E, todo iso, tendo en conta que no primeiro ano enunciado había menos da metade de menores con expediente aberto que no último (preto de 6.500). En definitiva, que o sistema de protección de menores galego detecta máis situacións risco infantil, pero tamén intervéñen máis axeitadamente.